

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

JLML/ECV/mjll

TÍTULO DA NORMA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E O SERVIZO DE COOPERACIÓN E DE ACCIÓN CULTURAL DA EMBAIXADA DE FRANCIA EN ESPAÑA PARA A OBTENCIÓN DO DIPLOMA DE ESTUDOS EN LINGUA FRANCESA NA SÚA VERSIÓN ESCOLAR.

José Luis Mira Lema, secretario xeral de Educación e Formación Profesional da Consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA

que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten previsto formalizar co Servizo de Cooperación e de Acción Cultural da Embaixada de Francia en España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 4 de febreiro de 2021 ata o 4 de febreiro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a administración e a obtención do Diploma de Estudos en Lingua Francesa -nos niveis A2, B1 e B2-, expedidos polo Ministerio de Educación do Goberno de Francia, na súa versión escolar -*DELF Escolar*- na rede pública dos centros de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

-apoiar decididamente o plurilingüismo, segundo o establecido no Preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).



-establecer os termos de colaboración entre as dúas entidades para a implantación do Diploma de Estudos en Lingua Francesa na súa versión escolar *-DELF Escolar-* na rede pública de centros de ensino secundario da Comunidade Autónoma de Galicia co fin de seguir fomentando o estudo da lingua francesa, dado o enorme interese que a mesma suscita en Galicia, convertindo o Francés na segunda lingua estranxeira no sistema educativo da nosa Comunidade.

-desenvolver accións para a promoción do plurilingüismo no ensino ao considerar a competencia en linguas como un recurso económico e social indispensable nunha Europa cultural e lingüísticamente diversa.

-facilitar ao alumando a posibilidade de reforzar o estudo desta lingua para que poida desenvolver unha personalidade máis rica e respectuosa cara a outras realidades e culturas, mellorando así as súas perspectivas laborais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria en Santiago de Compostela en data da sinatura dixital.

José Luis Mira Lema

secretario xeral de Educación e Formación Profesional

